



## CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100, Fax: 982 302 068

### CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE CASTROVERDE E O CORGO PARA A PAVIMENTACIÓN DE VÍAS MUNICIPAIS ENTRE OS NÚCLEOS DE POBOACIÓN DE O CANTEIRO (CASTROVERDE) E ADAI (O CORGO).

No Concello de O Corgo, a 29 de xaneiro de 2016

#### REUNIDOS:

Os Sres. Alcaldes dous seguintes concellos:

CONCELLO DE O CORGO: D. José Antonio Ferreiro González

CONCELLO DE CASTROVERDE: D. Xosé María Arias Fernández

Todos en nome e representación do seu referido Concello, en virtude do artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril reguladora das bases de réxime local (LRBRL) e o artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da administración Local de Galicia (LALGA).

Os reunidos actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio de colaboración e para o efecto:

#### EXPOÑEN:

**Primeiro.-** A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, no seu artigo 25, establece que o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. O Municipio exercerá en todo caso, competencias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas.

O artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, regula que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no



## CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

ámbito das súas competencias, poderá promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños. O municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma.

**Segundo.-** O artigo 26 LBRL dispón que os municipios por sí ou asociados deberán prestar, en todo caso, unha serie de servizos entre os que se inclúe a pavimentación de vías municipais.

**Terceiro.-** A Constitución recolle no artigo 103 que a Administración debe actuar de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación. Nesa liña, o actual escenario de crise económica que afecta tamén aos concellos obriga a impulsar medidas relativas á xestión eficaz e eficiente dos recursos dispoñibles, co obxecto de poder continuar prestando ou prestar os servizos aos cidadáns en condicións de calidade que satisfagan ás súas necesidades.

**Cuarto.-** Tanto a LRBRL como a LALGA e a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, recollen ao longo do seu articulado o **principio xeral de colaboración interadministrativa**.

### CLÁUSULAS

#### **PRIMEIRA.- CONCELLOS PARTICIPANTES E OBXECTO DO CONVENIO.**

É obxecto do presente convenio regular as principais liñas de colaboración entre os concellos de Castroverde e O Corgo para levar a bo termo a execución da obra de pavimentación de vías municipais entre os núcleos de poboación de O Canteiro (Castroverde) e Adal (O Corgo).

A colaboración comprende o encargo dos traballos técnicos para a redacción do proxecto de obra, consonte ás determinacións da vixente lexislación de contratación no sector público, así como os honorarios de dirección de obra e de



## CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

coordinación de seguridade e saúde; así como a contratación das obras cun tercelro, mediante os procedementos de licitación pública previstos na citada normativa.

### SEGUNDA.- ÁMBITO TERRITORIAL

O ámbito territorial ao que se refire este convenio é o da ubicación da infraestrutura que comunica a estrada desde O Canteiro (Castroverde) a de Adal (O Corgo).

### TERCEIRA.- OBXECTO DA COLABORACIÓN DESTE CONVENIO.

O obxecto deste convenio é a pavimentación da obra da infraestrutura que comunica ambos termos municipais de Castroverde e O Corgo, entre os núcleos rurais indicados, mellorando non só a seguridade vial, senón tamén, mellorando notablemente a infraestrutura para un tráfico seguro e fluído que permita un axilitado enlace entre os dous termos facilitando a relación veciñal.

A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade local, establece no seu artigo 26, como servizo mínimo obrigatorio en todos os concellos, a pavimentación das vías públicas.

Son obxectivos deste convenio:

- Redactar o proxecto técnico no que se defina con precisión a obra.
- Contratar a dirección de obra, a execución de obra e a coordinación da seguridade e saúde.
- Executar a obra cun tercelro, previa a tramitación do correspondente expediente de contratación e licitación, conforme á regulación do real decreto lexislativo 3/2011, de 13 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.



## CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

- A contratación a realizará un só concello co fin de conseguir unha actuación eficaz, é dicir, conseguir o obxectivo fixado no prazo máximo de xustificación da subvención establecida na orde de 23 de decembro de 2015, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora de infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais destinados a concellos de Galicia para o ano 2016.
- Consegir unha maior eficiencia, é dicir, trátase de acadar o obxectivo coa utilización do menor número de medios materiais e persoais, o que liberarán parte dos recursos dun dos concellos para afrontar outros dos servizos e funcións da súa competencia, imprescindibles para a cidadanía.
- Minorar os custos antieconómicos que puideran existir, no suposto dunha contratación individualizada.
- Garantir o acceso dos veciños a un servizo público de calidade.
- Dar unha resposta axeitada ás necesidades de poboación mediante unha actuación conxunta e coordinada dos concellos colaboradores (Castroverde e O Corgo).
- Valorizar recursos dispoñibles.

### **CUARTA.- DESIGNACIÓN DO ALCALDE REPRESENTANTE.**

Mediante o presente convenio de colaboración désignase como representante único ao alcalde do concello do Corgo, quen actuará como coordinador e interlocutor ante a Dirección Xeral de Administración Local.

### **QUINTA.- COMPROMISOS ASUMIDOS POLOS CONCELLOS**

Os compromisos que asumen ambos Concellos (Castroverde e O Corgo), consisten na colaboración administrativa, persoal e técnica na solicitude de subvención, na contratación da obra cun terceiro, e dos traballos técnicos de



## CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100, Fax: 982 302 068

redacción dos proxectos de dirección de obra, e coordinación de seguridade e saúde, do seguinte xeito:

### I) Compromisos asumidos polo Concello representado (Castroverde) en relación coa solicitude de subvención:

O Concello que non asuma a representación aportará ao representante (O Corgo) a documentación establecida no artigo 7 da orde, e que é a seguinte:

a) Declaración responsable emitida polo alcalde do conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas, para as mesmas actuacións solicitadas pola citada orde, das distintas Administracións competentes ou outros entes públicos e o compromiso de comunicar de contado cantas axudas solicite e/ou obteña doutras Administracións Públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

b) Que non estea incurso nalgunha das prohibicións establecidas no artigo 10, nº 2 e 3, da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiario dunha subvención.

c) Que todos os datos contidos na solicitude de subvención, na parte que lle afecte, sexan certos.

d) Certificación emitida pola Sra. Secretaria do Concello, do acordo de solicitar a subvención que conteña:

✓ O solicitar a subvención para as obras concretas que se pretenden executar ao abeiro desta orde, así como dos correspondentes traballos técnicos, dirección de obra e coordinación da seguridade e saúde.

✓ Que se aceptan as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na orde, debendo estar adoptado o acordo antes do vencemento do prazo de presentación de solicitudes.



## CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

- ✓ Nomeamento do alcalde do Corgo como representante deste convenio de colaboración con poderes suficientes para cumprir con todas as obrigas que como entidade beneficiaria corresponden á agrupación ou asociación, e que actuará como coordinador, interlocutor, perceptor, e xustificador das axudas.
  - ✓ O compromiso solidario de execución ou de aplicación solidaria de subvención.
- e) Certificación da Sra. Secretaria do Concello da remisión das contas do exercicio orzamentario 2014 ao Consello de Contas e que se realizou antes do vencemento do prazo de solicitude da subvención.
- f) Certificación da Sra. Secretaria do Concello da titularidade e plena dispoñibilidade ou unicamente a dispoñibilidade do concello sobre os terreos e predios en que se van a desenvolver as actuacións.
- No caso de ter unicamente a dispoñibilidade, o concello deberá deixar acreditado que esta a manterá durante o período mínimo de cinco anos.
- g) Certificación da Sra. Secretaria do Concello dos derellos recoñecidos netos (Capítulos I, II, e III) do estado de ingresos) dos orzamentos liquidados do exercicio de 2014.
- h) Certificación referida ao importe total dos capítulos de gastos de capital dos orzamentos vixentes do concello.
- i) Acta de non inicio dos traballos previstos na solicitude de subvención na data de presentación desta.

Así mesmo, o concello representado aportará aquela documentación que fose precisa para a obtención da subvención requirida na orde, e que poida ser requirida pola Consellería.

### II) Compromiso no procedemento de contratación



## CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

Ambos concellos asumen o compromiso de colaborar na contratación da obra para a redacción do proxecto técnico, e para a dirección de obra e coordinación da seguridade e saúde da mesma que se vai a executar en caso de concesión da subvención que se solicita.

Tamén asume o compromiso de colaborar na contratación dos traballos técnicos precisos para a preparación do expediente de contratación previo ao procedemento de licitación para a selección do contratista.

Para facer efectivo este compromiso, os concellos porán a disposición o seu persoal respectivo, así como os medios materiais e económicos que fosen precisos para levar a bo fin a execución da obra para a que solicita a subvención en perfectas condicións.

### **SEXTA.- PORCENTAXE E/OU IMPORTES DE FINANCIACIÓN DO PROXECTO.**

Os concellos participantes financiarán os honorarios de redacción do proxecto, dirección de obra e de coordinación de seguridade e saúde, así como os custes da contratación e do contrato de obra, que non cubra a subvención.

En ningún caso, a porcentaxe de participación será inferior ao 25% do orzamento total que se deriven dos citados traballos profesionais e contrato de obra.

A parte que financiará cada concello será proporcional aos custes do proxecto, dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde, e custes de execución de obra por contrato en proporción ao importe das unidades de obra que se executen en cada termo municipal.

No suposto de que se produza algunha circunstancia das previstas no texto refundido da Lei de contratos do sector público, dos que se puidese derivar a modificación do contrato por causas de interese público, os concellos colaborantes financiarán a partes iguais os custes comúns de contratación, e cada un asumirá os custes derivados de traballos realizados na infraestrutura viaria na parte que corresponda ao seu termo municipal, é dicir, cada concello



## CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

asumirá o custe derivado dunha modificación de unidades de obra que supoñan un aumento do prezo do contrato e que se executen no seu termo municipal.

### **SÉTIMA.- COMPROMISO SOLIDARIO DE EXECUCIÓN E DE APLICACIÓN SOLIDARIA DA SUBVENCIÓN**

Os concellos asumen un compromiso solidario de execución e de aplicación solidaria de subvención.

### **OITAVA.- COMPROMISO DE DURACIÓN DA AGRUPACIÓN**

O presente convenio de colaboración que regula a agrupación dos concellos do Corgo e Castroverde para o obxectivo establecido na cláusula primeira, durará, e polo tanto, non se disolverá a citada agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 65 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

### **NOVENA.- COMISIÓN MIXTA**

Para facilitar o seguimento, cumprimento e coordinación créase unha comisión mixta formada polos alcaldes de cada concello. Actuará como Secretario da comisión o Secretario do concello representante (O Corgo), e no seu defecto, pola Secretaría do Concello representado (Castroverde).

Esta comisión poderá ser asistida por técnicos, para o caso de que se precisen.

O seu funcionamento rexeráse polo establecido na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.

